RAIGAME

Xornal informativo sobre a Romaría Etnográfica Raigame no Día das Letras Galegas

17 de Maio de 2006

Nº 3

Romaría Etnográfica Raigame, cinco anos en Vilanova.

Coa V Edición da Romaría Etnográfica "Raigame", a Organización logra a participación de artesáns das catro provincias galegas, acadando así un dos seus soños: facer que esta festa sexa un referente para toda Galiza no ámbito da etnografía. A participación tanto de público como de artesáns, nos anos precedentes, así o acredita.

SUMARIO

* Participantes:
-Mariñeiros en Ourense
-Novidades

* Historia e Arte:
-O gremio de Zapateiros
-A Igrexa de S. Salvador

* Programas, horarios e Planos.

* Actividades:
-Bailes Populares
-Xogos Populares
-Música
-Treatro e Títeres

* Concursos:
-Fotografía
-Literario
-Investigación

*Exposicións:
"Zapateiros en Vilanova"
"Os nomes do Mar"
"Maquetas de embarcacións pesqueiras "
"Fotografías da Romaría"

A mar e o seu mundo chegan a Ourense.

Por primeira vez na Romaría Etnográfica Raigame, o mar e o seu mundo teñen o seu espazo. Os gañadores do concurso de Investigación Etnográfica do ano 2005, **Xosé Lois Vilar Pedreira e Roberto Rodríguez Álvarez**, do Instituto de Estudos Miñoranos, fan unha mostra do seu traballo con paneis explicativos na Adega de San Vivián. Da man da **Manuel Castro Ratel**, chega a exposición de maquetas de embarcacións pesqueiras. Así mesmo, unha representación da **Comunidade Mariñeira de Baiona** estará ao carón da Torre facendo unha exhibición dos traballos do mar e tamén darán as explicacións oportunas sobre as embarcacións de tamaño real que a **Asc. C. "A Dorna"** nos trae dende a Illa de Arousa. Igualmente, a **gastronomía mariñeira** terá o seu lugar grazas aos amigos de Meaño que cocerán mexillóns e outras delicias .

O mar e o seu mundo.

Para un profano na materia, ir pescar consiste en subir a bordo dunha embarcación e pouco máis, pero temos que considerar o riquísimo universo mariñeiro que por numerosas circunstancias, é descoñecido para a maioría, principalmente para os que vivimos terra adentro, lonxe do mar.

Un home mariñeiro da nosa sociedade tradicional tiña que coñecer a vida dos animais que habitan no mar, crear as artes para cazalos, matalos, pescalos. Para acceder aos lugares onde habitan tivo que fabricar e perfeccionar distintos modelos de embarcacións e saír nelas despois dunha avaliación meteorolóxica, considerando ventos, nubes, brisas, correntes, semblante, etc. Logo de combinar estas ciencias tiña que coñecer a orografía dos lugares nos que quería pescar, lugares aos que puxo nomes: a toponimia.

Todo este rico patrimonio material e inmaterial leva camiño de caer no esquecemento por obra e arte dos avances tecnolóxicos e a globalización, que como ben sabemos chega a todos os rincóns da nosa vida. O que antes eran nomes nunha carta mariña agora son números no GPS. Os antigos métodos de predicir o tempo dá paso ás imaxes do Satélite Meteosat.

Maquetas de barcos pesqueiros.

Dende a comunidade mariñeira de Baiona veu Manolo Castro Ratel cun par de ducias de embarcacións construídas a tamaño reducido: gamelas baionesas, lanchas, barcos do peixe espada, barcos da ardora, barcos do bonito, ...

A través destas maquetas, nas que non falta nengún tipo de detalle, podemos facernos unha idea de como é o lugar de traballo dos nosos mariñeiros.



Redeiras, a arte de remendar as redes.

Un dos elementos indispensábeis para a grande maioría dos pescadores e a rede. Dende sempre, a redeira, que na maioría dos casos eran mulleres, foi un oficio especializado. A súa misión era a de construir redes, que segundo o peixe que se fora a pescar tiñan que ter unha malla máis grande ou máis pequena. Mais tamén tiñan que reparar as redes que por culpa dos enganches nas rochas do mar, ou por mor de retirarlles a pesca, rompíanse e deixaban grandes buratos.

O seu material de traballo son as agullas e o fío. Normalmente as agullas eran de madeira, buxo ou faia, de moi diferentes medidas segundo o tamaño da malla. Esta medida sinalábase cun taco de madeira. Por último, tamén precisaban unhas tesouras para cortar o fío.

Os redeiros e atadeiras que veñen a Vilanova para remendar e a construir redes son Remigio Leyenda Pereira, campeón de España de redeiros, os irmáns Ubaldo e José Cedeira Leyenda e as irmás Rosana e Rosalía Leyenda Pérez.

Telleiros de Baiona.

Tamén veñen dende Baiona, aínda que sen vinculación co tema do mar, os señores Manuel Enríquez "O Piedra" e Manuel Rodríguez "O Trinta", dous telleiros, ou *cabaqueiros,* que é o nome que reciben na súa xerga, que farán unha demostración de como se fan as tellas.

Os panadeiros e o pan, un oficio indispensábel.

Un dos nosos alimentos básicos é o pan e sen dúbida, a súa elboración é un dos traballos necesarios na nosa sociedade.

Este ano, na Romaría Raigame imos contar coa colaboración da **Escola de Panadeiros da Asociación Provincial de Panadeiros de Ourense**, que estarán a cocer pan nun dos antigos fornos de Vilanova, situado na Rúa da Vila.

Quen se achegue a este local poderá contemplar todo o proceso que require a elaboración do pan unha vez chegada a fariña ao forno. O primeiro paso e **peneira-la**. e despois bótase na **artesa** onde se engade auga morna e un pouco de sal, ao tempo que se amasa coas mans. Unha vez amasada engádese o **formento** e bótase a masa nun cesto que se tapa cunha sábana e déixase levedar en lugar quente, para que o faga máis a presa. Co forno xa quente, cóllese unha cantidade de masa determinada para facer o tipo de pan que se queira. Esta másа **báte-se** nunha mesa previamente espolvoreada con fariña para que non se pegue. Dáselle a forma desexada e antigamente facíaselle unha marca que diferenciaba as pezas de cada quen. A continuación métese a masa no **forno** e déixase cocer.

Todo este proceso será explicado polos alumnos da Escola de Panadeiros ao tempo que vaian elaborando este alimento primario.



Panadeira batendo o pan antes de metelo no forno.

A alfarería e os seus artesáns.

A alfarería é un dos traballos artesáns que teñen máis interese para o público. En Ourense contamos cun dos centros alfeiros con máis tradición da nosa terra: a alfarería de Niñodaguia. A arcilla que usan é de moi boa calidade e posúe características que a fan única en toda a xeografía española. Unha vez que está cocida diferénciase de outras cerámicas polo tono claro alaranxado que presentas as pezas. A alfarería de **Niñodaguia** destácase por ter introducido melloras técnicas como o uso do torno rápido de dúas pezas e o forno cilíndrico de abertura superior.

Esta cerámica gaña en atractivo polo feito de estar vidriada, resultando en deseños e cores novedosos e ó mesmo tradicionais.

Pero tamén haberá na romaría unha mostra da alfarería de **Gundivós**, da provincia de Lugo. Esta caracterízase pola cor das súas pezas que son negras. Ás veces, incluso se impermeabilizan con pez. Teñen unha grande forza estética e os rasgos máis primitivos e puros da nosa terra.

En Vilanova poderanse atopar alfareiros de Portugal, artesáns que traballan a porcelana e ceramistas, que xunto cos telleiros de Baiona, darannos unha visión bastante completa do traballo realizado cun material tan noble e sinxelo como é o barro.

A Romaría na webb.

Unha das principais novidades desta Vª Edición da Romaría "Raigame" tan só a poderemos atopar no espazo virtual de internet. O seu enderezo é **www.raigame.es** e aí poderemos atopar toda a información relacionada con Vilanova dos Infantes e coa Romaría: o pobo, a súa xente e a súa historia; a festa, os artesáns participantes, as actividades e as novidades que haxa. Tamén atoparemos información sobre as pasadas edicións, e poderemos descargar os trípticos, os xornais, mapas, vídeos e música.

No apartado de **Concursos** poderemos ver a convocatoria para a edición de 2006 así como as obras premiadas na pasada. Nos apartados de **Contactos** e no **Foro,** existe a posibilidade de intercambiar opinións sobre a Romaría e poderanse facer suxerencias para que a Organización tente mellorar esta festa. Esta páxina webb tamén conta cunha enquisa moi sinxela que pretende captar a valoración de todos aqueles que visitan a Romaría.

Pouco a pouco, esperamos que **www.raigame.es** se vaia convertindo nunha ferramenta útil para que a Romaría avance tanto en calidade como en divulgación.

Agustín Vázquez e o seu fillo no taller de Niñodaguia.

O gremio dos zapateiros de Vilanova.

A vila de Vilanova dos Infantes era moi coñecida na comarca e aínda alén dela, polos seus zapateiros.

A confección de calzado era unha das principais actividades económicas que se desenrolaba na vila dende principios do século XX até mediada a década dos sesenta, que foi cando caeu en declive. Este período foi o de máis produtivo no que houbo aproximadamente 150 artesáns traballando. O lugar de traballo destes artesáns eran os baixos das súas casas.

Colección de ferramentas empregadas polos zapateiros.

Estos zapateiros vendían a súa produción de diversas formas. Había quen tiña contratado con diferentes comercios de cidades galegas a venda do calzado. Outros vendíano a representantes ou viaxantes. Tamén había quen mandaba á muller ou ao fillo a vender ás feiras. Por outro lado, tamén tiñan encargos, habitualmente de xente da comarca, que quería uns zapatos de confianza. Estes zapatos eran feitos con máis coidado e con mellor material que os outros.

O zapateiro acostumaba coller un aprendiz que ao tempo que aprendía o oficio, axudabao a botar o traballo adiante. Normalmente, o zapateiro non cobraba nada ao aprendiz por lle ensinar, pero iste tampouco recibía nada por traballar para o mestre. Cando o aprendiz coñecía o seu oficio, tentaba medrar, ben traballando como empregado do mestre, ben como artesán independente.

Dentro do gremio dos zapateiros, había quen non se adicaba só a facer zapatos. Algúns dos zapateiros adicábanse a facer zapatos e chancas, outros zapatos, chancas e a máis eran músicos, outros eran zapateiros e músicos, e outros chanqueiros e músicos. A banda de música de Vilanova tiña e ten sona en gran parte da nosa terra, e grande parte dos seus músicos eran da vila.

Foto de veciños zapateiros de Vilanova feita nos anos 60.

Quen era músico, tiña que atender os ensaios coa banda e no verán acudir ás alboradas e festas nas que estaba contratada a banda, o que practicamente lle ocupaba a tempada estival. Sen embargo, esta actividade complementaria compensábao economicamente.

O material necesario para a elaboración do calzado, era adquirido polos artesáns nos comercios e fábricas do contorno. Así, en Celanova e Ourense compraban os cravos, os pegamentos, os fíos, as agullas, as subelas, etc., e na vila de Allariz adquirían as peles xa curtidas para a fabricación tanto dos zapatos como das chancas. En ocasións eran os propios fabricantes e almacenistas quen achegaban o material a un punto da ruta no que os artesáns o compraban.

A importancia que tivo o gremio dos zapateiros en Vilanova foi moi notábel, e cumpre recuperar a súa memoria.

Exemplo do calzado elaborado polos zapateiros de Vilanova (neste caso son un par de chancas).

A igrexa parroquial de San Salvador.

A **Igrexa Parroquial de San Salvador** de Vilanova constitue un grande conxunto arquitectónico e retablístico, digno de ser admirado.

Esta igrexa sustituiu á que estaba situada no interior dos desaparecidos muros que rodeaban a vila, e construiuse a comezos do século XVII, aproveitando os perpiaños da anterior, no lugar no que se situaba a ermita de Sta. Cruz. A Igrexa ten un adro ao redor no que tamén se situa o cemiterio e todo o conxunto está rodeado por un muro.

Fachada da Igrexa Parroquial de San Salvador.

Segundo a inscripción fundacional que figura sobre a porta lateral, a construcción da igrexa rematou no 1614, ainda que no lateral figura o 1615.

No primeiro terzo do século XVIII, a igrexa sufriu unha ampliación, construíndose a fachada e a torre. É moi posíbel que esta obra fose realizada polo arquitecto Predro Serrapio. As pilastras acanaladas corintias, os ornamentos vexetais e os releves sobre a clave así o indican. Xunto coa portada, o frontón curvo partido con flor de seis puntas e o relevе de Virxen María e o Arcanxel Gabriel, son os elementos de principal interés.

Sobre esta fachada está a torre cuadrangular, rodeada por un balcón con balaústres e está rematada cun cascarón de base cilíndrica.

Os balaústres e os pináculos da fachada da igrexa parroquial proporciónanlle un aspecto barroco a esta construcción.

No interior, temos varios elementos destacados polo seu valor artístico. Na Capela Maior, colocado na parede da Epístola está exposto un **Cristo Medieval**, unha das escasas representacións de tamaño natural e en madeira que se conservan en Galiza. É de estilo románico tardío, das primeiras décadas do século XVIII, e garda certa similitude co Cristo da Catedral de Ourense.

Os retábulos son outros elementos dignos de admiración. Na nave, no lado do Evanxelio, destaca unha obra realizada a mediados do século XVIII por escultores de Celanova. No lado da Epístola vemos un retábulo dedicado á *Nosa Señora do Rosario*, realizado con anterioridade ao primeiro. É unha obra barroca de grande riqueza ornamental con motivos vexetais.

Na capela de Sta. Marta, nun espazo lateral da nave fundada polos León e Araújo cunha función funeraria, hai outro notábel retábulo renacentista manierista.

Enfrente a esta capela está a sacristía, destinada a vestuario e almacén. Entre o material para o servizo do culto destacan varios elementos polo seu valor artístico. Dous cálices, un incensario de prata do século XVIII, un copón do XIX de prata, dous cálices de prata dos xéculos XVIII-XIX e outros varios traballos de orfebrería. Ademáis destaca unha **cruz procesional** barroca realizada en 1795 polo artesán Ortiz.

Cruz procesional barroca construida en prata.

Sen dúbida, o valor artístico da Igrexa de San Salvador é un máis motivo para a visita á vila de Vilanova.



Cristo medieval construido en tamaño natural.

Plano, programación e

Nº	ACTIVIDADE	Artesáns
--	Fotografía	Santiago Nicolás
01	Restauración de moibles	Perfeuxitas
02	Palileiras	María Aurora Amor Casal
03	Palileiras	Nova Milenaric Aurea Robles
04	Palileiras	Asociación de Coia
05	Taberna de Festas	Manuel Domínguez Rodríguez
05a	Taberna Brigantinos	Brigantinos
05b	Manualidades	Residencia San Carlos
06	Aguardenteiro	José Pereira
07	Pratería	Pilar Blanco Rey
08	Licorería	Fátima Núñez
09	Panadería	O Forno da Ermida
10	Zocos de madera e couro	Elena Ferro Lamela
10b	Pintura en tela	Begoña Martínez Monchón
11	Alfareiro de Niñodagua	Agustín Rúzquez Ferreiro
12	Esmalte sobre cobre	Encarnita Norma Jiménez Arcuena | La Aguada
13	Alfareiro de Gundivos	Tomás López González
14	Marquetería Heráldica	Eliseo Pérez Duran
15	Licorería	Marina Leonido Rodríguez
16	Pan e Queixo	Inorde - Avelino
17	Taberna	Mª José Prieto e Concha
18	Taberna Castrexa	Asociación Castromao
19	Porcelana en frío	Javier Consuelo Nieto
20	Taberna	Alfonso e Carlos Conde Tortes
21	Taberna con estrugas	Martín Álvarez González
22	Debuxante e pirograbado	María Araujo e María Monteiro
23	Obradoiro de Couro de Allariz	Mónica Martínez del Valle
24	Taberna	Eduardo Monteiro
25	Pintura en vidro e pizarra	Monturas | Josefa Iglesias Blanco
25	"O tempo de fecer decendo"	Jovelino López Penelas
26	Taller instrumentos musicais	Dionisio Abeal Bermúdez
27	Espellos grabados	Consuelo Conde Ruiz
27	Retacería-joyería en cristal-caucho-plata	Lola García Romanelle
29	Obradoiro de fabricación de xigantes e cabezudos	Colexio Sagrado Corazón
30	Forno	Asociación Provincial de Panaderos de Ourense
31	Panadería Roberto	Roberto González
32	Queimiro	Leopoldo Martínez Conde | Lacteos de Ourense
33	Taberna "Tudela"	Luis Miguel Enríquez Álvarez
34	Exposición	"Os rapaseiros de Viñaoxa" na Adega de San Vicente

palileira

taberna

aguardenteiro

panadeira

panadeiro

alfareiro

debuxante

forno

Unha relación completa de artesáns axudaralle ó visitante a coñecer mellor outras formas de traballo, que en moitos casos xa están perdidas ou forman parte de actividades residuais, aínda que non por iso deixen de ser menos fermosas.

	RÚAS DO POBO	PRAZA MAIOR	PRAZA DA TORRE	PRAZA DO BALCÓN
10.00	Alborada. Banda de Gaitas de Celanova			
10.30				
11.00	Grupo Musical "Coanhadeira"	Grupos de Baile	Demostración de Redeiras e Telleiros da Comunidade Mariñeira de Baiona	Mostra de Artesáns
		dos Concellos de Gondomar, Cuadeiras		
		Villanueva e Baiona		
11.30	Teatro: Santi Prego | Mª Xosé López	Escola de Baile de		
		Deputación de Ourense		
		e Grupo de Paulo da Concellería de Lalín		
12.00	Arte-Monium | Grupo Maricascaña	Grupo de Baile dos Concellos de		
		Mos de Santiago, Albergaria e O Irixo		
		e C.D.P. "Centro Lalín-Ourense" de Ourense		
12.30	Grupo de gaitas As Remudas da Pameira	Quarentos de Villanova		
		Grupo de Dança Punto, Canta da Valoreta		Teatro.
		e Grupo do Concello de Vilamarín		Santi Prego
13.00	Grupo de gaitas de Melón	Grupo de Baile Sacramento de Chandeda		e Mª Xosé Lóp
		e "O Cachalito" de Taboada		
13.30		Banda de Música de Ribeira		
14.00		C O M I D A		N O
16.30	Mostra de Artesáns	Grupo Saltar de Cabanas. Grupos de Baile		Mostra de Artesáns
		de O Carballino e de O Carregado		
17.00		Escola de Dança da Deputación de Ourense		
		e Grupo de Baile CRP de Punto		
17.30		Asoc. Cultural Sentido de Chandeda		
		e Grupo "Os Chandeiros" de Maceda		
18.00		Grupos de Baile dos Concellos		Teatro.
		de Xunqueira, Cenlle		Santi Prego
		e "Manuel Suárez"		e Mª Xosé Lóp
18.30		Grupo "Tamborada" de Monterrei		
		e Asc. C. da Concellería de Boiro		
19.00		Grupo de Baile Castro Dixoy		
		da Escola de Dança de Ourense		
19.30				Inicio c. Jet-Mo
20.00		Baile popular con Banda de Música		

artesáns participantes

Nº	ACTIVIDADE	Artesáns
34	Exposición	"Os nomes do Mar" na Adega de San Vicente
34b	Serau na Aira	Zoqueiro, Cesteiro e fiandeiras
35	Rancho folclórico OS SERRANOS	
36	Arte Floral e Coiro | Cerámica	María Amparo Lago | Juan Ferreira
37	Albarreiro	Joaquín Ferreira
38	Talla de madeira	Mari Carmen Rapa Tata
39	Taberna: albariño e filloas a pedra	Antonio Neira "Albareeza"
	Taberna: mexolóns	Manuel Dubale "Roco"
40	Obradoiro infantil de barro	Mª Teresa Serrano Blanco
41	Coiro, madeira e malabares	Patricia Paniagua
42	Tear	Concha Outeiriño
43	Taberna	Mª Luisa Ferro Sueta | José Benito
44	Panadería	Xulio
45	Taberna: filloas a pedra	Lola Landeira
46	Artesanía sombreiros de palla	Lola Landeira
47	Ebanistería	Elías Sanabrias Díaz
48	Afiador e Foliateiro | Paragüeiro	José Manuel Alvarez Gómez | Manuel Alvarez
49	Fiadeiro	CDR Fiada Rajoria
50	Taberna	Celeste Iglesias Núñez
51	Cunqueiro	Ángel Álvarez Estévez
52	Panadería	San Rosendo
53	Cesteiría	CDR Portas Abertas
54	Debuxante Caricaturista	Fernando Martínez Menéndez
55	Conta Contos e Libreiría Targa	Conta Contos: Mª José do Río | Zelia González Castro
56	Telleiros | Redeiras	Comunidade Marinheira de Baiona
57	Embarcacións pesqueiras	Asociación Cultural "A Dorna"
58	Manualidades	Rosa Conde Alonso
58	Pintura en obxectos de metal	Xoaquín Manuel Alvarez | Sandra Lucía Rodríguez
58	Coiro	Ana María Alonso Pérez
58	Vidreiro	Laura Pérez Quintiana
59	Ferrador	Antonio Rodríguez Iglesias
60	WC	
61	Xogos Populares	Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo
62	Churrería	José Loureiro Seguín
62	Panadería	Amadeo García Nogueira
62	Rosquillas | Apicultura	Joaquín González Lorenzo
62	Rosquillas	Lucía Moreira Couso
62	Taberna: Cordeiro e Porco á espeto	Jesús García Ruibao
63	Pulpeiras	Carmen Tinoco e outras
63	Comida	Barbás

Ademais do restaurante da Torre e da taberna da carpa, situada nas afóras de Vilanova, diversas tabernas distribuídas polo interior do pobo apagarán a sede dos visitantes, cun bo vaso de purrela.

Bailes populares na Romaría Etnográfica de Vilanova. Vinte e sete agrupacións ocuparán as prazas da vila.

Sen nengunha dúbida, una das actividades que atrae a máis público son as actuacións dos grupos de baile. Son máis de seiscentos bailaríns de idades que van desde os cinco anos en adiante, cheos de enerxía e alegría, os que nos ofrecen bailes do máis variado durante todo o día nas principais prazas de Vilanova. A Praza Maior, a Praza Tralacerca e a Praza do Arrabaldo son os lugares seleccionados pola Organización da Romaría.

Chegan dende os máis diversos puntos da nosa xeografía, principalmente da provincia de Ourense, pero tamén nos visitan de Lugo e de Pontevedra. A maioría destes grupos pertencen a pequenas escolas que teñen como principal obxectivo inculcar nos seus alumnos o aprecio pola nosa cultura, empregando como vía de contacto a música e o baile tradicionais, para así chegar a outros aspectos da etnografía.galega.

Un dos grupos participantes na pasada edición, bailando na Praza Tralacerca, ao lado da Adega do S. Vivián.

A Romaría Etnográfica Raigame é o marco idóneo para que tanto os máis novos como os non tanto se acheguen a unha serie de oficios que hoxe en día só podemos atopar en museos e en libros especializados, xa que cos avances tecnolóxicos foron facendo que desapareceran antigas técnicas de traballo, que por un día, se poden revivir grazas ás demostracións que os artesáns fan nos seus ocasionais talleres.

Corais e canto tradicional.

O canto tradicional terá o seu espazo durante a **Romaría "Raigame".** Diferentes agrupacións interpretaran cantigas populares polas prazas e rúas de Vilanova.

"Coral de Ruada", unha das máis recoñecidas agrupacións vocais da nosa terra, que leva máis de setenta e cinco anos interpretando cantigas galegas por todo o mundo, ofrecerá un concerto na Igrexa de S. Salvador ao remate da misa que se celebrará ás 13.00 horas.

Nas difentes prazas e rúas do pobo tamén se poderán escoitar grupos de pandereteiras, como os da Asociación de Coia **"Canto entre Amigos"**, as pandereteidas da **"Escola Provincial de Danza"** de Ourense, e o grupo vocal da Asociación **"Auria Canta"** da Valenzá, a máis de todos aqueles que se lles queiran unir coas súas voces.

Teatro, Títeres, cantos de cego e outros espectáculos animarán as rúas de Vilanova.

Nesta Vª Edición da Romaría Etnográfica Raigame, os espectáculos de Títeres, Cantos de cego e Teatro estarán interpretados polas compañías **"Santi Prego e Mª Xosé López"**, **"Art-monium"** e membros do **"Colectivo Maria castaña"**, os dous últimos, asiduos participantes na festa.

"Santi Prego e Mª Xosé López" participan por primeira vez na Romaría cun espectáculo que conxuga cantar de cego, contacontos e actuación musical, todo elo baseado na cultura popular.

O **Colectivo Mariacastaña** de Lugo, cos seus habituais perxonaxes do Sr. Cura, a Parella da Garda Civil e as Donas do Pazo, porán as notas cómicas ás que ultimamente nos tiñan acostumados.

Por último, **"Art-monium"**, que ademais dos seus pases de títeres polas rúas da vila ao longo do día, serán os encargados de pechar o apartado teatral coa súa actuación ás 19.30 na Praza do Balcón.

Obradoiro de Xogos Populares: recordando os tempos de cando éramos nenos.

O **Obradoiro de Xogos Populares** do Centro de Cultura Popular "Xaquín Lorenzo Fernández", será o encargado de coordinar os diferentes talleres de xogos populares que terán lugar durante a xornada. O lugar destinado para o desenrolo destas actividades abrangue os campos ao carón das Pulpeiras, e a estrada que vai a Celanova.

O primeiro que se poderán atopar os visitantes é unha mesa informativa na que coñecerán os horarios dos xogos, poderanse apuntar aos que más lles apeteza participar e poderán admirar unha colección de xogos populares. Nesta mesma ubicación, haberá unha persoa encargada de recopilar toda aquela información que os visitantes podan aportar referida a xogos populares , coa intención de facer un catálogo o máis amplo posíbel de todas aquelas actividades lúdicas que practicaban de nenos, que por desgracia, os nosos rapaces non coñecen hoxe.

Os monitores do Obradoiro de Xogos Populares teñen preparados quince disciplinas: *Bolos ao Canteiro, a Virolla, a Chave, a Sogaturra, a Rá, a Porca, a Billarda, os Zancoa, os Aros, Carreiras de Sacos, as Buxainas, as Combas, as Canicas, as Chapas e as Mariolas.* Todos estes xogos poderanse practicar nos horarios establecidos en tres campos diferentes. A actividade comezará ás once da mañá e tras un pequeno descanso para comer, continuará até as sete e media da tarde.

Para ensinar o *xogo da chave*, o Obradoiro contará coa colaboración da Asociación Cultural e Deportiva da Chave de Ourense, que realizará unha exhibición ás doce da mañá, e despois poderán praticar todos aqueles que estexan interesados.

A primeira hora da tarde, o señor Xosé Pérez de Vilar de Santos, será quen ensine o *xogo da Porca*, un xogo que tivo unha profunda inculcación noutro tempo e que hoxe está totalmente esquecido.

Esta é unha excelente oportunidade para descobrir novos xogos.

Grupos de Gaiteiros e a Banda de Vilanova amenizarán as rúas e prazas da vila.

Dende as dez da mañá, a **Banda de Gaitas de Celanova** animará o ambiene das rúas de Vilanova.

Á unha e media, a **Banda de Música de Vilanova** ofrecerá un concerto na Praza Maior, e ás oito da tarde, será a encargada de amenizar o baile popular que dará remate á festa.

Entrementres, o grupo musical **"Coanhadeira"**, o **Grupo de Gaitas de Melón** e **"As Remudes da Paneira"** de Verín realizarán pequenos concertos polas rúas e prazas de Vilanova, e animarán os bailes dos grupos de danza co que queda garantizada a música tradicional durante todo a xornada.

Bases da V Edición do Concurso Artístico e de Infestigación "Romaría Etnográfica Raigame.

Con motivo da celebración da V Romería Etnográfica Raigame, organizada polo "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández" da Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Celanova, co patrocinio de Caixa Galicia e Caixanova, e que terá lugar en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense) o día 17 de maio de 2006, convócase o V Concurso "Romería Etnográfica Raigame", que estará regulado polas seguintes

Bases:

1. As persoas interesadas poderán participar a nivel individual ou como colectivo, asociación cultural, grupo folclórico, etc.

2. Os temas abordados nos concursos deberán estar inspirados ben na Romería que se celebre o día 17 de maio de 2006 en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense), ben nas vivencias da cultura popular galega en xeral, segundo a modalidade de concurso de que se trate.

3. O concurso terá 3 modalidades:

a. Concurso Literario, en prosa ou en verso. Un mínimo de 3 e un máximo de 5 folios a dobre espazo mecanografados ou con corpo 12 de letra predeterminada dun procesador de textos informático. En lingua galega. Non precisan facer referencia explícita á Romaría Raigame.

b. Concurso Fotográfico.
Recollerán aspectos da xornada de celebración da presente edición da Romaría Raigame.
As fotografías presentadas deberán ser orixinais en cor ou en branco e negro, un mínimo de 3 e un máximo de 5 fotografías. Tamaño mínimo de 18x24 cm. Tamaño máximo de 30x40 cm. sen montar.
Admitiranse fotografías dixitais sempre e cando non teñan tratamento informático engadido que vaia máis alá da corrección da cor.

5. O xurado será nomeado polos organizadores da V Romería Etnográfica Raigame e as súas decisións serán inapelables.

6. Os traballos deberán ser remitidos ben ao "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández", ben ao Concello de Celanova, baixo seudónimo. En sobre pechado serán incluídos os datos do participante: Nome, dirección, teléfono.

7. A data límite de presentación dos traballos será o día 30 de Xullo de 2006.



Debuxo de Rubén Mesa Feijóo, gañador do concurso de Debuxo e Pintura no ano 2005.

Unha das fotografías de Milagros González Silva, gañadora do concurso fotográfico da pasada edición.

c. Concurso de Investigación Etnográfica
Non precisan facer referencia explícita á Romaría Raigame, pero si á etnografía galega. Os traballos deberán ser presentados en lingua galega.

4. Premios:

a. Concurso Literario:
Maiores de 16 anos:
Un premio de 600 euros.
Un premio de 300 euros.
Menores de 16 anos:
Un premio de 150 euros.

b. Concurso Fotográfico:
Maiores de 16 anos:
Un premio de 600 euros.
Un premio de 300 euros.
Menores de 16 anos:
Un premio de 150 euros.

c. Concurso de Investigación Etnográfica:
Un premio de 600 euros.
Un premio de 300 euros.

8. Unha vez que o xurado falle os premios, daranse a coñecer a través dos medios de comunicación, podendo declarar deserto algún deles, así como conceder accesits especiais, consistentes na publicación dos traballos na revista "Raigame" da "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández" da Deputación de Ourense.

9. Os premios serán entregados o día 15 de setembro en Vilanova dos Infantes.

10. Os traballos premiados poderán ser publicados na Revista "Raigame" do "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández" da Deputación de Ourense.

11. Os traballos non premiados poderán ser recollidos polos seus propietarios durante os dous meses posteriores ó fallo do xurado, no "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández" da Deputación Provincial.

12. A participación en calquera das diferentes modalidades deste concurso implica a total aceptación das presentes bases.

Premios da IV edición dos Concursos "Romaría Etnográfica Raigame".

Despois de cuatro edicións dos concursos artísticos e de invetigación da Romaría Etnográfica Raigame, tanto a calidade como o número de participantes vai en aumento.

O apartado máis destacado é o de fotografía, que na pasada edición de 2005 contou con numerosísimos participantes (ao redor de 50 fotógrafos). O xurado viuse nun apreto ante tantos traballos de calidade, o que o obrigou a conceder dez accesit. Por outra banda, a Organización da Romaría realizou unha exposición coa marioría das obras premiadas nestas catro edicións, que estivo aberta ao público na sala de exposicións do Antigo Cárcere de Celanova durante os meses de Xaneiro e Febreiro do presente ano, e que durante a Romaría está repartida polos diferentes locais do pobo.

O apartado que contan con menor participación é o de debuxo (tan só tres participantes na pasada edición), o que fixo que a organizacion decidira eliminalo.

No apartado de Investigación o primeiro premio foi para Xosé Lois Vilar e Roberto Rodríguez, que fixeron un interesantísimo traballo sobre a toponimia mariñeira na costa que vai dende o esteiro do Miño até Nigrán, en perigo de caer no olvido por acción das novas tecnoloxías.

O concurso literario aumenta o seu prestixio coa participación de ilustres persoeiros como o gañador desta IV Edición, D. Francisco Calo Lourido, Catedrático de Xeografía e Historia, e membro do Patronato do Museo do Pobo Galego.

Fotografía de Héctor Guzmán, gañador do 2º premio.

Todas as obras premidadas foron publicadas na revista Raigame do mes de Novembro de 2005, número 22, editada polo Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández da Deputación de Ourense. A Organización da Romaría Etnográfica Raigame, quere felicitar a todos os participantes nos concursos e animar a o público a tomar parte nos de próximas edicións.

Estes foron os gañadores da Edición do 2005.

Apartado Investigación Etnográfica:
1º premio e 600 Euros para o traballo presentado co título "Os nomes do mar" de Xosé Lois Vilar Pedreira e Roberto Rodríguez Álvarez, de Baiona, Pontevedra.

2º premio e 300 Euros : deserto.

Apartado de Literatura:
1º premio e 600 Euros para o traballo titulado "O cano norte,"de Francisco Calo Lourido de Pontevedra.

2º premio e 300 Euros para o traballo titulado "Alén da Lembranza". de Xoán Xosé García López, de Ferrol.

O xurado acordou deixar deserto o premio de menores de 16 anos ante a escasa calidade e participación, e outorgar un ACCESIT de 150 para maiores de 16 anos ao traballo titulado "Xan o carreiro", de Xosé Fuentes Alende, de Pontevedra.

Apartado de Debuxo e Pintura:
1º premio e 600 Euros para Rubén Mesa Feijóo, de Celanova, Ourense.

2º premio e 300 Euros para Mª Araujo Montero, de Celanova, Ourense.



Fotografía de Noemí Alba Dobaño, gañadora do concurso de fotografía para menores de 16 anos.

Apartado de Fotografía:
Primeiro premio de 600 Euros Milagros Fernández Silva de San Amaro, Ourense.

Segundo premio de 300 Euros Héctor Guzmán Mendoza de Carballiño, Ourense.

O xurado acordou conceder accesits a Rubén Vilanova Romero, de Ourense.; María Dunnia García Martínez, de Cambre-A Coruña.; Mari Luz García Otero, do Carballiño-Ourense.; Paco Valeiras, do Carballiño-Ouerense.; José Luis Diz Rodríguez, do Carballiño-Ourense.; Xoel, de Ourense; Elisabet Maceira Cabaleiro, de Silleda-Pontevedra.; José Manuel Álvarez, do Carballiño-Ourense.;

Menores de 16 anos, premio de 150 Euros: Noemí Alba Dobaño García, de Cambre, A Coruña..

O xurado acordou conceder accesits a: Virginia Soalleiro e Antía González, de Ourense.

Catro exposicións diferentes estarán en Vilanova durante a Romaría: "Zapateiros de Vilanova"; "Os nomes do mar"; "Maquetas de embarcacións pesqueiras"; "Fotografías do concurso Raigame".

Durante a V Edición da Romaría Etnográfica Raigame,, a Organización ten preparadas catro exposicións repartidas por diferentes locais de Vilanova para o disfrute dos visitantes.

Na **Adega do San Vivián** sitúanse dúas exposicións: **"Zapateiros de Vilanova",** que tenta achegarnos á vida e ao traballo deste oficio que tanta importancia tivo nesta vila, é unha recompilación das ferramentas dos zapateiros de Vilanova, cedidas polos propios veciós, e que levan consigo unha ficha na que se explica a súa utilidade.

A outra é **"Os nomes do mar"**, exposición elaborada pola Asociación de Estudos Miñoranos de Baiona, e que fai un percorrido pola toponimia mariñeira da costa que vai desde a desembocadura do río Miño até Nigrán. Todos estos topónimos, parte do noso patrimoni inmaterial, corre o perigo de desaparecer, consecuencia da aplicación dos avances tecnolóxicos no traballo do mar, como son os novos sistemas de navegación e localización. Este traballo pretende contribuir a salvar do esquecemento os quizais dous millóns de topónimos que se van perdendo co pasamento dos nosos vellos.

No **Centro Comarcal** tamén se poderá visitar unha exposición con temática mariñeira. Será a exposición **"Maquetas de embarcacións pesqueiras"**, traballo elaborado por Manuel Castro Ratel e que nos chegan grazas á Asociación de **Estudos Miñoranos de Baiona**. Son nº** maquetas de *dornas, gamelas, arrastreiros, etc.*

No exterior, ao carón da Torre, a **Asoc. Cultural "A Dorna"** da Illa de Arousa exporá tres barcas de tamaño real: un *bote polbeiro*; unha *dorna* e unha *buceta*, e coas explicacións da representación da **Comunidade Mariñeira de Baiona**, que estarán realizando mostras do traballos do mar, como o das redeiras, e poderemos coñecer como é o traballo dun mariñeiro, o lugar no que traballa e vida que levan, ofrecéndonos a visión directa dos propios mariñeiros.

Por último, e repartida por numerosos locais de Vilanova, nos que se sitúan artesáns e tabernas, poderase disfrutar a exposición realizada coas fotografías premiadas nas catro edicións do **Concurso Fotográfico Raigame.** Son máis de carenta fotografías que nos narran a súa particular visión da Romaría que teñen os seus autores, descubríndonos detalles nunca teríamos imaxinado, e que sen dúbida, axudarannos a disfrutar da festa.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo
caixanova
ourense
PATRONATO PROVINCIAL DE TURISMO
inorde
CAIXAGALICIA
OBRA SOCIAL
Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia
Fundación Comarcal Terras de Celanova
Valima
Sons e acordes
Fondo Europeo de Desarrollo Regional